



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DANDO CONTA DA ACTA DO PROCESO SELECTIVO PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DUN PEÓN TRACTORISTA DO CONCELLO DE VILASANTAR

Vista a Acta do proceso selectivo para a selección para a contratación laboral temporal dun peón tractorista do Concello de Vilasantar de data 12/05/2021.

Visto que na acta do proceso selectivo se indica a puntuación total do candidato presentado, do seguinte xeito:

O tribunal sumou o total dos puntos obtidos nos dous apartados quedando a puntuación total dos candidatos do seguinte xeito:

	Nome e apelidos	DNI	Curriculum	Práctica	Total
1	Gonzalo Gómez Vázquez	5330****L	1,65	7	8,65

Dacordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do artigo 10 da Lei 40/2015 do 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. **RESOLVO:**

Primeiro: Avocar a competencia unicamente para resolver so asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por decreto de alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local.

Segundo: Efectuar a contratación con efectos do día 18/05/2021, do candidato que acadou a seguinte puntuación, segundo a valoración efectuada polo tribunal:

	Nome e apelidos	DNI	Curriculum	Práctica	Total
1	Gonzalo Gómez Vázquez	5330****L			

mediante un contrato laboral temporal de duración determinada 6 meses, dun peón tractorista, cun periodo de proba de 20 días. O candidato seleccionado deberá aportar a documentación precisa que se indica nas bases da convocatoria para efectuar a súa contratación.

Terceiro: Aprobar a bolsa de traballo para realizar contratación laboral temporal como peón tractorista do Concello de Vilasantar.

	Nome e apelidos	DNI	Total	
1	Gonzalo Gómez Vázquez	5330****L		CONTRATADO

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo aos servizos municipais responsables da súa tramitación, así como a notificación aos terceiros interesados no expediente.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ao departamento correspondente para a súa incorporación ao expediente do que eu secretaria accidental, M^a Isabel Novo López, dou fe, en Vilasantar a data da sinatura dixital.